



INFORMACIÓN DO CAMPAMENTO 2018

O campamento comezará o vindeiro luns 2 de xullo, ás 10:30 horas, no Colexio Castelao de Rianxo.

É recomendable que leven auga e merenda, xa que se realizará un recreo. Aconséllase levar a roupa marcada, e revisar ao marchar se levan todo o que trouxeron.

Os venres, que realizaremos as saídas, cómpre que traian viseira e crema solar protectora. De xeito puntual, poderanse facer outras saídas pola vila e a outras instalacións municipais para realizar algunha actividade.

Non é obrigatorio avisar aos/ás monitores/as de modificacións de horarios ou a non asistencia ao campamento, mais se vai ser algo habitual ou planificado (por exemplo: entrar máis tarde ou saír antes por participar noutras actividades; non vir un día á semana; un período de vacacións, etc.), recomendamos que llo comuniquen ao persoal monitor.

DEPORTES

Comezarán o mércores 4 de xullo, xa que o luns e o martes serán días de presentacións, coñecemento do espazo, aos/ás monitores/as e sobre todo aos compañeiros e compañeiras.

É **OBRIGATORIO TRAER ROUPA DEPORTIVA E TENIS PARA CAMBIAR** os días que teñan actividade deportiva. Recomendamos que traian as botellas de auga marcadas cos nomes. Os grupos e días publicaranse o vindeiro venres.

Para todos aqueles que acudan a outras actividades deportivas organizadas polo Servizo Municipal de Deportes, encargáronos de achegalos e recollelos dentro dos horarios do campamento. Para iso deben avisarnos no momento da inscrición.

GRUPOS

Os grupos formaranse coa listaxe definitiva e organizaranse segundo a idade, asignando a cada monitor entre 12 e 15 nenos e nenas por grupo. O venres 29 de xuño publicaranse no blog do campamento.

No caso de que queiran cambiar de grupo, deberán comunicalo á organización do campamento que valorará o posible cambio, sempre que non prexudique o bo facer das actividades.

ENTRADAS E SAÍDAS

As entradas e saídas realizaranse polo portal da rúa Arcos Moldes. Cada fila estará marcada cun cartel, e é alí onde deben esperar os/as nenos/as. Pregamos aos pais e nais, ou persoas

acompañantes, que agarden aos nenos e nenas no corredor da parte central, sen invadir as zonas de filas.

Ao longo do campamento, cando teñan que chegar tarde, entrarán acompañados polos pais/nais, ou persoas acompañantes, e dirixiranse ao seu grupo. No mes de agosto, como o colexio vai estar pechado agás para o campamento, darase un número de teléfono para aqueles que vaian chegar tarde ou teñan que saír antes.

No caso de que o grupo estea no pavillón, o persoal monitor valorará se será proveitoso que baixe ou que se incorpore ao traballo noutro grupo. Poderá facer a incorporación ao pavillón se chega xusto no horario de cambio de grupo.

Os/as nenos/as non poderán saír do centro sós ou soas. No caso de que desexen que así o fagan, deberán comunicalo por escrito. Así mesmo, será necesario comunicar por escrito se algún/ha neno/a pode ser recollido/a unicamente por determinadas persoas.

PRIMEIRO DÍA

O campamento comeza o luns 2 de xullo ás 10:30 no Colexio Castelao (entrada pola rúa Arcos Moldes). Os monitores/as agardarán no patio cuberto cun cartel no que figure o ano do grupo. Deberán dirixirse cada un cara ao seu grupo, e o persoal xa os situará nas filas.

Solicitamos que, unha vez que estean os/as nenos/as na fila, agarden no corredor da parte central, sen invadir as filas.

Nos grupos de nenos e nenas máis pequenos, pode que este primeiro día non se sintan cómodos ou seguros, polo que podedes entrar un anaco con eles, para que se habitúen ao lugar, ao persoal monitor e aos/ás compañeiros/as con calma.

Estaremos á vosa disposición para resolver as dúbidas, recoller recibos,...

CONTACTOS

Ante calquera dúbida poden poñerse en contacto con nós no correo campamento@concelloderianxo.gal ou no teléfono 664 181 401 (Uxía) ou 674 041 412 (Montse).

Lembren que poden seguir toda a información do campamento no blog:

rianxo.gal/campamento2018